



## Mergúllate na cultura enche Oroso de música, maxia, teatro e exposicións

"Mergúllate na cultura" é o programa organizado polo Concello de Oroso para este mes de xuño, no que conta coa colaboración da Deputación, a Xunta e Gadis. Un programa centralizado no centro cultural de Sigüeiro e que comezamos coa entrega de diplomas dos Obradoiros Culturais e a presentación dunha nova guía do Camiño Inglés, pero cuxo prato forte será o venres 2 de xuño, ás 20.30 h., coa **IV Gala da Cultura**. O alcalde Manuel Mirás entregará os recoñecementos ás persoas, empresas e entidades que máis traballaran pola cultura orosá en 2016 e que foron propostos pola propia veciñanza. Acto seguido, entregaranse os premios do II Certame Internacional de Investigación do Camiño Inglés.

Xuño será tamén o tempo dos **festivais** de fin de curso no centor



cultural: gardería A Ulloa (venres 16, ás 18:00 h) e Escola de Música (venres 30, ás 19:00 h), cuxos combos tamén actuarán na praza Isaac Díaz Pardo (sábado 17, ás 20:00 h).

Na parte teatral, o centro cultural acollerá un novo **espectáculo para bebés**: Titerificciós "Chove" (sábado 3, ás 12:00 h); así como dúas representacións teatrais: "Os Amantes de Nápoles", do obradoiro de teatro infantil (mércores 14, ás 20:00 h) e "Menuda Troita", da ANPA O Carboeiro (venres 23, ás 18:00 h). Co bo tempo tamén comezarán as **actuacións en exteriores**: coa proxección de cine "El Desconocido" (martes 27, ás 22:30 h, na praza de Isaac Díaz Pardo) e "O mago ilusionista", do Mago Román (mércores 28, ás 19:00 horas, no exterior da piscina municipal).

O broche de ouro de "Mergúllate na cultura" correrá a cargo co **concerto** de Familia Caamagno, Malandrómeda e Oh! Ayatollah na alameda de Góis (venres 30, ás 22:00 h).



## De tapeo por Sigüeiro

O VIII Concurso de Tapa en Tapa chega cargado de novidades. A primeira é que os 13 locais participantes serán de Sigüeiro, dos que haberá que conseguir 5 selos para participar nos sorteos de unha tablet, unha estancia nun balneario e 4 carriños de compra por valor de 100 e 50 euros, así como os achegados polos nosos colaboradores: vales desconto nas tendas da asociación Sigüeiro Vende con cada consumición, 3 botellas magnum de Terras do Cigarrón e 1 agasallo de Vermú Petroni). A segunda novidade é que o concurso estenderase tamén aos venres e a terceira é que haberá actuacións musicais de Fanfarria Taquikardia (sábado 3), Néboas no Cumio e Lembranzas do Tambre (domingo 4), Faíscas da Pontraga (sábado 10) e Amigos do Acordeón e Buxos Verdes (domingo 11).



Descarga a APP no teu móbil dende [www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com), envíanos as incidencias que vexas e resolverémolas o máis axiña posible



## CAMPANA DE AXUDA HUMANITARIA

Destinada a un conxunto de persoas necesitadas en Mostal Priego (Lugo)

**MATERIAL ESCOLAR:** Álbums, papeis, folios, cadernos, lapis de cores, borrador, caducados, mochetos en bota, diccionarios e libros de texto.

**COMIDA:** Lenteiras, arroz, fariña, cereais, leite, leite condensado, leite de vaca, leite de vaca con azucre, leite de vaca con azucre e leite de vaca con azucre e leite de vaca con azucre.

**HIXIENE:** Cebollas, pementos, cebollas, pementos, cebollas, pementos, cebollas, pementos, cebollas, pementos.

**RECOLLIDA:** LES. DE OROSO (Sigüeiro)  
DÍAS: 7, 8, 9 de xuño de 2017  
HORARIO: Mañanas, novas e vespas de 8,30-14,00 Mañanas de 16,30-18,00

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN LINGÜÍSTICA I.E.S. OROSO - Ourense

## IV GALA DA CULTURA

VENRES 2 DE XUÑO DE 2017 ÁS 20:30 H.  
CENTRO CULTURAL FERNANDO CASAS E NOVOA SIGÜEIRO - OROSO

www.orosogal.com  
www.conciliacionfamilia.com  
inf@conciliacionfamilia.com

## APERTURA PISCINA MUNICIPAL 2017 TRAMITACIÓN CARNÉS DE ABOADO

A PISCINA MUNICIPAL TEN PREVISTO ABRIR O DÍA 1 DE XUÑO, EN HORARIO DE 11:00 A 21:00 TODOS OS DÍAS

**PREZOS CARNÉS PISCINA:**  
Nenos/as EMPADROADOS de 4 a 16 anos... 17 Eur.  
Maiores de 16 anos EMPADROADOS... 25 Eur.  
(Familia numerosa desconto 20%)  
Nenos/as NON EMPADROADOS de 4 a 16 anos... 24 Eur.  
Maiores de 16 anos NON EMPADROADOS... 32 Eur.

**PREZOS ENTRADAS:**  
Nenos/as de 4 a 16 anos... 1,50 Eur.  
Maiores de 16 anos... 2,00 Eur.

**Requisitos para tramitar o carné:**

- Xustificante do pago das taxas correspondentes.
- Foto tamaño carné (para altas novas).
- Xustificante carné familia numerosa, se é o caso.

**Nota:** O ingreso para realizar o pago obtense a través da páxina web do Concello. (Pinchar en Instalacións Deportivas)

CENTRO DEPORTIVO DE SIGÜEIRO - www.orosogal.com - 981 92 79 05

## Múltiples opcións para a conciliación familiar en Oroso

Chegan as vacacións do verán e en Oroso pónense en marcha múltiples opcións para ocupar as xornadas dos nosos nenos e nenas. A primeira delas é unha nova edición do Summer Camp, o programa de conciliación familiar organizado polo Concello de Oroso e Escuela Con Talento dirixido a nenos e nenas de 3 a 12 anos, que se divertirán con diversas actividades mentres aprenden inglés. Para adaptarse ás necesidades das familias, poderanse contratar por quincenas, por días soltos, con diferentes horarios, con ou sen almorzo... Máis información e inscricións en Con Talento (881 981 905). Ademais, o Concello de Oroso colaborará na organización doutros 5 campamentos de verán, dos que podes obter información na nosa web: [www.conciliacionfamilia.com](http://www.conciliacionfamilia.com). O máis madrugador será o V Campus de Béisbol, que terá lugar do 26 ao 30 de xuño e do 3 ao 7 de xullo em Porto Avieira (información: 659 270 033 e 650 852 778). Do 3 ao 28 de xullo terá lugar o Campus de Verán da Fundación Celta (información: 646 974 375). Oroso Tennis de Mesa e Oroso Espedregada porán en marcha a súa Escola de Verán 2017, en dous grupos: xullo e agosto (información: 636 793 118 ou 686 449 556). Do 3 ao 28 de xullo desenvolverase o Campamento de Verán do Club Patín Oroso (información: 659 896 895 e 609 222 627). E este ano debutará o Campus de Verán CrossPádel Sigüeiro, do 26 de xuño ao 28 de xullo (información: 666 566 134).

## CAMPUS DE VERÁN FUNDACIÓN CELTA 2017 BY CABACERGA

DO 3 AO 28 DE XUÑO

CONTACTO: [www.fundacioncelta.com](http://www.fundacioncelta.com)  
646 974 375

## CAMPAMENTO DE VERÁN CLUB PATÍN OROSO

Parque Juanito Amigo Sigüeiro

ACTIVIDADES: Xogos, Obradoiros, Inglés, Interpretación, Patinaxe, Andarías, Gymkhanas, mañás mágicas, Danza, Piscina, con merenda incluída

DO 3 AO 28 DE XUÑO 8:30H-14:30H

COLABORA: CONTACTO: ORGANIZA:

Móbil: 659 89 66 95  
Chus: 609 22 25 27  
[patinorosogal@gmail.com](mailto:patinorosogal@gmail.com)

## Este Verano diviértete

# BÉISBOL Y CAMPUS

26 JUNIO AL 30 DE JUNIO 2017  
03 JULIO AL 07 DE JULIO 2017

Horario: 10:00 a 17:00h. - Mañanas 6 a 13 anos  
Piscina ilimitada  
Límite de inscrición un día antes de empezar cada campamento

Móbil: 659 896 895 - 609 222 627  
[www.conciliacionfamilia.com](http://www.conciliacionfamilia.com)

## Escola de Verán 2017 Tennis de Mesa

Proba e disfruta!

Para todas as idades desde 3 anos

2 Grupos:  
- Xullo: comezo o 10 de Xullo  
- Agosto: comezo o 7 de Agosto

Organiza: OROSO Tennis de Mesa

Para máis información:  
Oficina Oroso TM  
Planta 0 Edif. Multibusos  
Complejo Deportivo Juanito Amigo  
Luns a venres de 19:30 a 21:00  
Teléf: 636793118 / 686449556  
Mail: [orosotm@orosotm.es](mailto:orosotm@orosotm.es)  
[www.orosotm.es](http://www.orosotm.es)





## O Concello homenaxeará á Banda de Arca, destino de ducias de músicos orosáns

O campo da festa de Senra volverá acoller a terceira edición do Festival de Bandas, que terá lugar o sábado 1 de xullo a partir das 11:30 horas. Se no 2015 se homenaxeou á Lira de Senra e no 2016 se fixo o propio coa Banda de Música de San Mamede-Grabaxa, en 2017 tocaralle o turno ao destino de moitos dos músicos desas formacións: a Banda de Arca. O acto de homenaxe terá lugar ás 13:00 horas, presidido polo alcalde Manuel Mirás. Despois terá lugar un xantar de confraternidade (tickets no Bar Zapateiro, Parrillada Cachopal, Bar Goros e Bar Carnota). A música correrá a cargo da propia Banda de Arca e do Trío Alborada.



## Polideportivo e campo municipal de Sigüeiro acollerán o Día do Deporte

O venres 23 de xuño volverá a celebrarse o Día do Deporte no Concello de Oroso, que incluírá múltiples actividades. A partir das 16:30 horas terán lugar as exhibicións das distintas escolas deportivas municipais no polideportivo Juanito Amigo. Ás 20:00 horas, o campo municipal Lino Balado acollerá a Gala do Deporte, na que o Concello de Oroso fará entrega dunha vintena de trofeos ao/á mellor deportista do ano, á traxectoria, á colaboración con eventos deportivos municipais e polo apoio ao deporte... así como a tradicional homenaxe a todos e todas os integrantes dos clubs e escolas deportivas do municipio.



## Renovación de matrículas no Bos Días Cole, no Comedor Escolar e na Escola de Música

O Concello de Oroso abre o prazo de renovación de matrícula no Bos Días Cole, no Comedor Escolar do Camiño Inglés e na Escola Municipal de Música. Nos tres casos, o prazo para renovar a praza remata o 15 de xuño, data no que se abrirá o prazo para novas matrículas ata cubrir prazas (salvo na Escola de Música, onde o prazo se abrirá en agosto). Máis información: Centro Cultural de Sigüeiro (981 690 903) e [www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com).



## Oroso será a sé do primeiro campionato mundial por parellas de Pitch& Putt

O concello de Oroso será a sé do I Campionato do Mundo de Pitch&Putt por Parellas, que terá lugar do 9 ao 11 de xuño no campo de Porto Avieira organizado pola FIPPA e Pitch&Putt Galicia. Un torneo no que tomarán parte un total de 112 dos mellores xogadores de Pitch&Putt do mundo e que se dividirán en dúas categorías: absoluta e parellas mixtas, que competirán polo título de "Campións do mundo de parellas".



**FOI NOTICIA...**



O lendario ex xogador grego de baloncesto Nikos Galis visitou Oroso mentres facía o Camiño Inglés da man do Obradoiro. Galis sacou tempo para visitar aos nenos/as do colexio.



O Concello de Oroso editou unha nova guía sobre o Camiño Inglés, baseado nas experiencias de Trese Barton e Manolo Pazos e que se repartiu entre os que asistiron á presentación.



Fernando Sánchez Aller gañou o IV Torneo de Xadrez Concello de Oroso, no que participaron 88 xogadores. Todo un éxito de participación e organización para o Xadrez Oroso.



## Unha Festa da Troita pasada por auga

Os trebóns foron os convidados non desexados na XXI Festa da Troita, pois condicionaron gran parte do programa da celebración. Se o venres París de Noia e Fania enchían a Alameda de Góis, a verbena do día seguinte con Panorama e Atenas tivo que atrasarse ata o 24 de maio debido a que a forte choiva e o vento impedían a montaxe dos palcos nunhas condicións de total seguridade. Ademais, obrigou a trasladar baixo cuberto todas as actuacións previstas (maxia, actuacións folclóricas...). A choiva resistiu, cando menos, o Día Grande, permitindo que a degustación gratuíta de troita na Alameda e nos bares colaboradores fose todo un éxito, como tamén o foron os concursos de pesca e o pregón da presidenta da cámara municipal de Góis, María Lurdes Oliveira.



A sala de exposicións do centro cultural de Sigüeiro acolle ata o 10 de xuño unha exposición cos traballos realizados polos veciños/as de Oroso nos Obradoiros Culturais 2016/7.



Os rapaces do Xuventude Oroso convertéronse no equipo revelación da Arousa Cup, quedando a só un gol dunha histórica clasificación para cuartos de final. Noraboa!



Parabéns ás nenas do Oroso Patinaxe, que conseguiron o terceiro posto en grupo de show pequeno na Fase de Deporte Escolar, disputada na Coruña.